# ACTIVIDADES

**SUBSTANTIVO**

**1.- Explica as diferenzas entre os seguintes pares de palabras:**

1. bolso-bolsa
2. caldeiro-caldeira
3. cancelo-cancela
4. caxato-caxata
5. cuartillo-cuartilla
6. fouciño-fouciña
7. leño-leña
8. machado-machada
9. peso-pesa

1. pipo-pipa
2. porto-porta
3. pozo-poza
4. rato-rata
5. río-ría
6. saco-saca
7. teto-teta
8. tixolo-tixola
9. viño-viña

**2.- Forma o feminino das seguintes palabras. Indica o morfema de xénero en cada caso.**

1. tecelán
2. carneiro
3. abade
4. neno
5. poeta
6. ladrón
7. sacerdote
8. avó
9. príncipe
10. cónsul
11. ateo
12. home
13. autor
14. cabaleiro
15. frade
16. patrón
17. vizconde
18. langrán
19. sogro
20. emperador
21. cabalo
22. insán
23. curmán
24. pastor
25. sapo
26. alcalde
27. estudante
28. europeo
29. heroe
30. padriño
31. sultán
32. louzán
33. español
34. toleirón
35. solteirón
36. compostelán

1. cristián
2. boi
3. campión
4. lambón
5. marido
6. galo
7. tsar
8. xudeu
9. león
10. francés
11. padrasto
12. aldeán
13. temperán
14. deus
15. papa
16. compadre
17. señor
18. rei
19. papón
20. can
21. actor
22. nugallán
23. livián
24. xenro
25. cidadán
26. intérprete
27. fisterrán
28. barón
29. castrón
30. macho
31. pardal
32. parente
33. mártir
34. castelán
35. alemán
36. contratista

37. capitán
38. rapaz
39. mentirán
40. mestre
41. folgazán
42. pai
43. monxe
44. porcallán

37. duque
38. embaixador
39. irmán
40. marrán
41. cru
42. vilán
43. alto
44. pailán

**3.- Pon o artigo a cada unha destas palabras:**

arte
poema
costume
talismán
lume
orde
ra
dote
perdiz
fe
sorriso
marxe
cume
cor
pa
sinal
la
calor
viaxe
cofre
culler
análise
longametraxe
arma
palafita

grilo
be
aguia
árbore
nariz
carne
noz
peaxe
azar
sal
colar
cárcere
ponte
dor
ubre
val
xénese
mel
corvo
orixe
puré
labor
sofraxe
cuspe
talle

cal
café
ele
énfase
auga
couce
pixama
atlas
cinceiro
leite
zapato
pálpebras
garaxe
cabelo
humor
fel
legume
costume
carraxe
diadema
teclado
riso
síndrome
masacre

**4.- Indica o nome da árbore que produce os seguintes froitos:**

mazá
pera
limón
cereixa
améndoa
laranxa

pexego
oliva
ameixa
abelá
amorodo
figo

castaña
plátano
marmelo
uva
amora
noz

**5.- Pon as seguintes palabras en plural:**

1. local
2. fusil
3. tren
4. paraugas
5. áxil
6. rapaz
7. mil

1. dólar
2. a
3. plural
4. cor
5. cónsul
6. venres
7. garda civil

1. exalumno
2. fácil
3. rei
4. anel
5. dolmen
6. un
7. xudeu

8. útil
9. amable
10. lobo
11. ruín
12. gardacostas
13. multicolor
14. quebranoces
15. xirasol
16. cabalo do demo
17. lei
18. estrela de mar
19. sapoconcho
20. porco teixo
21. decreto lei
22. xardín
23. tal
24. animal
25. café
26. lenzo
27. oasis
28. pita do monte
29. álbum
30. vacaloura
31. anorak
32. iceberg

8. pel
9. can
10. pobre
11. fiel
12. verdade
13. asistente
14. cruz
15. bo
16. tonel
17. luns
18. réptil
19. señor
20. país
21. cru
22. galego-portugués
23. cal
24. túnel
25. lambón
26. español
27. mandil
28. pereira
29. sol
30. vagalume
31. test
32. pub

8. baúl
9. nó
10. cartafol
11. caracol
12. hotel
13. algún
14. bocoi
15. azul
16. fiable
17. israelí
18. proxectil
19. motor
20. clímax
21. civil
22. u
23. ancián
24. dor
25. mel
26. tórax
27. xentil
28. ollomol
29. lapis
30. prismáticos
31. tándem
32. dúplex

**6.- Pon en plural as seguintes frases:**

1.- O marroquí é un home que ten unha cultura moi diferente á occidental.

2.- O mércores sempre tomo un café tranquilamente ante a televisión sen ter o mandil posto e mentres fumo un cigarro, xa que é o único día que non debo traballar despois de xantar.

4.- Ese rei ditou unha lei sorprendente: obriga ao coronel e ao cónsul a presentárense o luns e o xoves ante a Comandancia da Garda Civil.

5.- O nivel cultural e económico desa familia é aceptable: todos teñen anel e len algún libro cada semana.

6.- Ese val é moi fértil e agradable, e ten de todo. Alí podes ver desde un pónei ou un boi pacendo ata un hindú xogando ao hóckey no xardín do hotel.

7.- Hai un farol municipal no parque infantil, mais como está fronte ao cuartel aínda se vai vendo.

8.- Ese can é un berrón, non fai máis que ladrar.

9.- O gol marcado polo xogador israelí non foi legal.

10.- Din que a estrela de mar non é hostil ao ollomol.

11.- Aquel monxe meteu un libro no baúl de cor azul.

12.- No local social dese organismo tómase moito café.

13.- Puxo un pernil sobre a mesa e dixo que esa era a súa credencial.

14.- O rol desempeñado polo bemol no pentagrama é moi importante. Foi o que dixo ese doutor que é moi hábil no manexo do bisturí.

15.- Aquel capitel representa unha escena celestial.

16.- O martes sempre vén algún rapaz.

17.- O corazón senil tamén pode ser pasional.

18.- O lacón está moi caro segundo o prezo oficial.

19.- Teño que mercar tea para un lenzo branco e un calzón azul.

20.- É un edil admirable segundo o editorial do xornal dominical.

21.- O e pode ser unha vogal aberta ou fechada.

22.- É unha flor común e fácil de atopar en calquera verxel.

23.- Cacei unha perdiz naquel piñeiral.

24.- Esa fábrica téxtil ten unha parede anil.

25.- Crese que o pardal é capaz de cantar unha hora enteira.

26.- Pon o mantel da mesa grande e vai traendo o pemento cru.

27.- Non me gusta ese cartel, é igual que o do ano pasado e ten unha cor insufrible.

28.- O caracol de meu irmán gañou o campionato mundial, foi o máis áxil e dócil.

29.- A explosión foi provocada por un gas letal.

30.- A abertura gradual de oficinas bancarias farase tendo en conta a situación da sucursal existente.

31.- Algún proceso febril esixe un tratamento delicado.

32.- Con ese pincel tan mao non vas poder pintar o bergantín que se ve nese libro.

33.- Sempre foi un amoral e un intratable no asunto mercantil.

34.- O antigo guaraní era moi vital e sempre andaba nu.

35.- Nunca vin home máis papón e lacazán.

36.- Sempre será un heroe ocasional o que resolva a situación de perigo.

37.- Estableceu un símil moi difícil de comprender.

38.- Non me convencerás con esa razón.

39.- Tiña un oficio moi raro, andaba á caza do saltón e íao metendo nun fardel, pero el dicía que lle daba cartos.

**7.- Coloque nos ocos as palabras que van entre parénteses (fíxese no xénero e número que corresponda, engada os artigos e faga as contraccións necesarias).**

Por exemplo, *entraron catro ..................de....................(camión, leite, fresco): entraron catro camións de leite fresco***.**

1. En ............................ dese lugar sobresaen ....................... (paisaxe, árbore, froiteiro).
2. Esas ........................... publicáronse en varios ............................ (lei, xornal, nacional).
3. En ........................ grande hai ................................... de tráfico. .........................(ponte, algún, sinal, indescifrable).
4. Comprou varios ............................. para as cociñeiras dos seus ............................ (mandil, azul, hotel).
5. Non podía aturar................................ de ...............................................................a pesar das ............................................ (aquel, dor, ril, inxección).
6. As palmeiras dan moitos ..........................., as colmeas ....................................... e os burros .................................................. (dátil, saboroso, mel, couce, doloroso).
7. As listas de ....................... godos son ...................... de memorizar para .......................................... e..............................para outros (rei, fácil, un, difícil).
8. ...................................... que aquí fixeron os.................................. piratas figurará nos ......................................... da historia local (pillaxe, capitán, libro).
9. Ás ....................................... os nosos.............................non podían remediar os ................................. aos emigrantes (vez, cónsul, mal).
10. ............................... dos ................................... paseaban polos pazos.................................. con ................................ (algún, paxe, rei, real, traxe, branco).
11. Boteille.................................á comida (pouco, sal).
12. A parella de ................................. meteu o coche en .............................. mais deixoulle as .......................................... acesas (garda civil, garaxe, luz).
13. Cal é .............. de..................... dos .................................. ? (cor, sangue, animal).

## USO DE CA / (DO) QUE

**1.- COMPLETA (se hai dúas posibilidades, indícao):**

María sempre foi máis rápida...................... el.

María sempre foi máis rápida .......................ti cres.

María sempre foi máis rápida...................... crían os demais.

María sempre foi máis rápida...................... can.

María sempre prefire ir ao campo ................montaña.

María prefire ir a Lugo .................................. Ancares.

Se fixeches ben o anterior, continúa:

Agora é máis forte .......................... amigo da súa irmá.

Carme é máis alta ...........................parece.

Daniel é máis rico ............................ veciño.

É máis perigoso................................cres.

É máis perigoso................................ti cres.

Están máis abraiados...................... vós.

Helena nunca está máis atenta........ min.

Irimia ten máis forza ........................ vostede.

Manuel está máis alto .......................amigos.

María sempre tivo moitos máis cartos................. el.

Miguel obtivo resultados máis positivos ..............eu pensaba.

Miguel obtivo resultados máis positivos.............. pensaba.

Paulo é máis fedello .............................. irmá de Alba.

Penso que ten máis poderes..................ti.

Rubén era máis rápido .......................... súa cadela.

Santiago era máis divertido................... compañeiros.

Xamais conduciu máis rápido ................elas.

**USO DE COMO / COMA**

**2.- COMPLETA (se hai dúas posibilidades, indícao):**

María sempre foi tan lista ................................ el.

María sempre foi tan lista ................................el pensaba.

María sempre foi tan lista ................................ pensaba o seu avó.

María sempre foi tan lista ............................... veciña.

Se fixeches ben o anterior, continúa:

Agora é tan forte................................amigo de María.

As rendas son tan pequenas............. esperabades.

Brais atopou tantas moedas..............se propuxo.

Carme ten tantas leiras .....................parece.

Daniel é case tan rico ......................... veciño.

É tan perigoso ...................................ti cres.

Encina sempre tivo tantos cartos ..........el.

Están tan abraiados ...........................vós.

Hai tantos perigos ..............................pensabamos.

Helena nunca estaba tan atenta ............min.

Irimia ten tanta forza...............................vostede.

Manuel está tan alto .............................. irmán de Pedro.

Miguel obtivo resultados tan positivos.............eu pensaba.

Miguel obtivo resultados tan positivos.............pensaba.

Penso que ten tantos poderes ................ti.

Rubén era tan rápido..............................súa cadela.

Santiago era tan divertido .......................compañeiros.

Xamais conduciu tan rápido .................... elas.

**3.- Complete as frases coas formas do comparativo (1º.- De igualdade / 2º.- De superioridade):**

1. A Encina sempre tivo moitos.....................................cartos................................el.
2. O Rubén era ..................................fedello ...................................... o seu curmán.
3. O Miguel obtivo resultados............................... bos..............................pensaba.
4. O Daniel é case................................... rico..........................................o veciño.
5. A Helena nunca estaba................................ atenta.......................................min.
6. A Carme ten........................................ leiras .........................................parece.
7. Xamais conduciu........................................ ben.........................................elas.
8. Agora é........................................ forte ........................................o Ricardo.
9. O descoñecido sempre será........................... mao ............................. o coñecido.
10. Os perigos son.................................... grandes.............................. pensabamos.
11. Están........................................ abraiados .........................................vós.
12. As rendas son................................ pequenas ....................................esperabades.
13. O Santiago era............................... divertido ..............................os compañeiros.
14. A Irimia ten........................................ forza..........................................vostede.
15. O Paulo é........................................ trasfego ......................................... a Alba.
16. Recollemos................................... fabas .........................................contabamos.
17. Penso que ten........................................ poderes..........................................ti.
18. O Manuel está........................................ alto......................................... a Laura.

**4.- Achegue todas as formas de superlativo que coñeza. Indique o procedemento utilizado en cada caso.**

Por exemplo, *rico: riquísimo, moi rico, rico abondo, ben rico, superrico, requeterrico, ten cartos como millos, etc.*

1. bo
2. parvo
3. verde
4. custoso
5. mao
6. fácil
7. branco
8. enfermo
9. groso
10. louco
11. negro
12. canso

**5.- Indique os superlativos sintéticos dos seguintes adxectivos**

1. alto
2. listo
3. fácil
4. mao
5. fiel
6. amable
7. agradable
8. pequeno
9. tolo
10. célebre

1. rico
2. baixo
3. bo
4. antigo
5. cruel
6. sabio
7. quente
8. difícil
9. acre
10. pobre

1. feo
2. libre
3. grande
4. vello
5. seguro
6. frío
7. cheo
8. nobre
9. mísero
10. pulcro

**ARTIGO**

**1.- Enche os ocos co artigo correspondente, facendo as contraccións necesarias.**

1. Quero que pintes............ garaxe antes do inverno.
2. O neno ficou sorprendido ao ver que ........... leite saía a fío por............ ubre da vaca que estaba muxindo seu tío.
3. Ao chegarmos a aquela curva, tivemos que facer............ viraxe bruscamente para evitarmos ........... choque contra.............camión.
4. Levantóuselle ........... forte dor de cabeza ao saber que a súa filla quería casar e non tiña ........... cartos para lle dar ............dote.
5. Mentres arrolaba ........... berce de ........... seu neto miraba con desacougo para ............ lume que se achegaba ameazadoramente a ........... casa desde ........... cume de............ monte.
6. ........... febre fora provocada por............ farinxite que pillara uns días antes cando agatuñara case espido a ........... árbore que estaba diante de............ súa casa.
7. ........... aguia é ........... ave que percorre o ceo voando e.............anguía móvese sempre por ........... auga.
8. Houbo que lle facer ........... análise de sangue porque temiamos que tivese ............ infección provocada por ........... ferida que fora consecuencia de............ couce daquel burro.
9. En ........... ponte do Lérez Sara e Lucía Marsán pararon a mirar ........... fume que viña de ........... fábricas que se vían en............ horizonte.
10. De onde se saca ........... mel? Preguntas. Seica ........... abellas producen mel e tamén en ........... tendas venden *mel de flores*.
11. Dáballe tanto noxo ............sangue, que despois de ver aquel accidente estivo un bo anaco limpando ........... cuspe en............ pano de man.
12. En ........... cárcere de ........... miña vila había.............personaxe que suscitaba a curiosidade de todos ........... veciños: cando calquera persoa pasaba por debaixo de.............súa fiestra sempre lle facía............ sinal de que gardase silencio.
13. Non permitas que ........... teu fillo colla ........... costume de meter ........... dedo en.............nariz.
14. Ao baixar de........... barco, meteu o peixe en ........... paxe e despois de facer.............viaxe ata ........... cidade conseguiu vendelo todo pregoándoo por ............ as rúas.
15. ........... orixe de ........... orde de desaloxamento non se sabe cal foi, mais ningúen discutiu ........... súa oportunidade.
16. Hai que engraxar............ engrenaxe desa maquinaria, porque renxe moito ao poñela en funcionamento.
17. Gustaríame que me fixeses ........... labor: ir mercar ........... cal para pintar............ teito dese cuarto antes da festa.
18. Sempre souben que ........... teu irmán tiña ........... arte especial para facer ............ augardente de herbas.
19. ........... riso de Helena é entrañable, é case tan atraente como ............ sorriso de Raquel.
20. Todos eses teus problemas teñen ........... orixe, con seguridade, en ............túa teima por te peiteares sempre a ............moderna.
21. Xa sei que ........... cor azul non lle gusta máis que.............cor verde, mais iso non é razón para que toda ............súa roupa sexa unicolor.
22. Necesitei que me puxesen............ vendaxe na man porque a escordei onte mentres facía ximnasia en............ colexio.
23. Todos a ........... abordaxe!, berrou ........... capitán de .......... barco a............ tempo que el xa comezaba a correr.
24. Mira ........... plumaxe desas pombas: cada unha ten ............cor diferente, nunca antes vira semellante variedade.
25. En ........... última asemblea decidiuse por unanimidade darlle ........... homenaxe a.............noso vello profesor de galego.
26. Ofendeuse a causa de ........... énfase que ............seu parente puña en defender perante el ........... seu maior inimigo.

**2.- Responde á pregunta *onde vai el?* Por exemplo, *vai en Lugo, vai na Coruña.***

| | | |
|---|---|---|
| 1. Italia | 1. Carballiño | 1. Perú |
| 2. Londres | 2. Coimbra | 2. Exipto |
| 3. África | 3. Francia | 3. Cairo |
| 4. Irán | 4. Ribeira | 4. India |
| 5. Roma | 5. China | 5. Caldas de Reis |
| 6. Arxentina | 6. Monforte | 6. Chantada |
| 7. Rúa de Petín | 7. Canadá | 7. Amazonia |
| 8. Uruguai | 8. Arabia | 8. Ordes |
| 9. Pontes da García Rodríguez | 9. Países Baixos | 9. Guarda |
| 10. Padrón | 10. Canarias | 10. Buenos Aires |
| 11. Barco de Valdeorras | 11. Porriño | 11. Peares |
| 12. Galicia | 12. Cataluña | 12. Santa Comba |
| 13. Chile | 13. Filipinas | 13. Estrada |
| 14. Lisboa | 14. España | 14. Viveiro |
| 15. Guinea | 15. Limia | 15. Cebreiro |
| 16. Pobra do Caramiñal | 16. Ortigueira | 16. Fonsagrada |
| 17. Venezuela | 17. Perineos | 17. Mariñas |
| 18. Brasil | 18. Suíza | 18. Melide |
| 19. Pobra de Trives | 19. París | 19. Incio |
| 20. Xapón | 20. Marrocos | 20. Pontenova |
| 21. Porto | 21. Toxa | 21. Carballo |
| 22. Ferrol | 22. Rusia | 22. Foz |

| | | |
|---|---|---|
| 1. en Italia | 1. no Carballiño | 1. no Perú |
| 2. en Londres | 2. en Coimbra | 2. en Exipto |
| 3. en África | 3. en Francia | 3. no Cairo |
| 4. en Irán | 4. en Ribeira | 4. na India |
| 5. en Roma | 5. na China | 5. en Caldas de Reis |
| 6. na Arxentina | 6. en Monforte | 6. en Chantada |
| 7. na Rúa de Petín | 7. no Canadá | 7. na Amazonia |
| 8. no Uruguai | 8. en Arabia | 8. en Ordes |
| 9. nas Pontes da García Rodríguez | 9. nos Países Baixos | 9. na Guarda |
| 10. en Padrón | 10. nas Canarias | 10. en Buenos Aires |
| 11. no Barco de Valdeorras | 11. no Porriño | 11. nos Peares |
| 12. en Galicia | 12. en Cataluña | 12. en Santa Comba |
| 13. en Chile | 13. nas Filipinas | 13. na Estrada |
| 14. en Lisboa | 14. en España | 14. en Viveiro |
| 15. en Guinea | 15. na Limia | 15. no Cebreiro |
| 16. na Pobra do Caramiñal | 16. en Ortigueira | 16. na Fonsagrada |
| 17. en Venezuela | 17. nos Perineos | 17. nas Mariñas |
| 18. no Brasil | 18. en Suíza | 18. en Melide |
| 19. na Pobra de Trives | 19. en París | 19. no Incio |
| 20. no Xapón | 20. en Marrocos | 20. na Pontenova |
| 21. no Porto | 21. na Toxa | 21. en Carballo |
| 22. en Ferrol | 22. en Rusia | 22. en Foz |

**1.- Subliña os pronomes persoais e indica a súa función sintáctica.**

1. Quen vos contou onte iso?
2. Encontreivos na casa almorzando.
3. Nunca volo ensinarei!
4. Xa se decidira a iso cando vós chegastes.
5. Non mas poñas aí que estorban.
6. Ti escribe o que che pareza.
7. Déillelas porque non me servían.
8. Eles lavábanse sempre usando xabrón do caro.
9. Non chas quería nin regaladas.
10. Vostede faga o que queira.
11. Comigo aprenderás moito; logo, explicarasllo ao teu irmán.
12. Se non te convence, únete a nós.
13. Xa che llelo emprestei onte.
14. Caéuchevos unha pedra grandísima.
15. A ela recolleuna seu pai.
16. Non lles teñas medo, que non te van comer.
17. Vós nunca vos decatades do que pasa.
18. Se mos deixas ver, douche un caramelo.
19. Fanse moitas cousas ao revés.
20. Anda a convencerse a si mesmo.
21. Veuno traer onte cando te ías.
22. Convosco, nós nunca chegaremos a nada.
23. Escapouche o can? Pois déixao ir en paz.
24. Moito lle me gusta o caldo de nabizas.
25. O mellor será deixalos quedar así.
26. Este can non che me come nada.

**2.- Transforma as seguintes frases utilizando os pronomes de cortesía**.

1. Xa me diredes vós o que teño que facer.
2. Non volo quero contar.
3. Voucho regalar este ano.
4. Ti xa o sabías daquela.
5. Púxenchas dentro do armario.
6. A ti, María, levareite polo camiño da felicidade.
7. A ver, Antón, déixate de andrómenas!
8. Non te van incluír na lista de aspirantes.
9. Sempre che tiven moito respecto.
10. Gardareiche unhas roscas de Ribadavia.

**3.- Colocación dos pronomes átonos.**

Coloca correctamente o pronome átono e xustifica a colocación.

Agora atendo, non desesperes, muller. TE / TE
Aí tes. Dixo con toda a razón. O / MO
Algo contou, non mentiu: sabía con seguridade. ME / ME / O
Que conte ela, calquera conta mellor ca min. CHO / O
Despois pedirei un favor. CHE
Deus pague, eu non teño cartos hoxe! CHO
Dixen que doía moito a cabeza. CHE / ME
Dixo que dera o pan. ME / LLE
Moitos rapaces sabían antes de saír. O
Nin fai nin deixa de facer. O / O
Non dixo a verdade. CHE
Non interesa. ME.
Nunca vin xogando ao baloncesto. O
O demo leve, rapaz! TE
Sempre digo as cousas en persoa, pero onte mandei un correo electrónico. LLE / LLE
Oxalá deixen vir á miña casa! TE
Parecía que non vira nunca. ME / O
Pasei tan ben co libro! O
Que a fortuna acompañe o resto da vida! TE
Quedaron pampos ao ver daquel xeito. O
Quero que traias todo. LLE
Fai caso: sei que gusta máis ese libro. ME / ME
É verdade: onte mentiu, pero sempre dixera a verdade. ME / ME

Agora coido poder coller coa man (os).
Aí tes, podes coller. (o/o)
Antonte mandei un correo electrónico. (che)
Aquel día tiña que deixar (mo).
Axiña vou contar (os).
Calquera pode contar mellor ca min. (cho)
Cantas veces intentei deixar de querer! (o).
Colleu moi a modiño (o).
Contaron moitas cousas (nos).
Dixo el mesmo (o).
Eloxiei abondo aquel día (os).
Ese fai moi bonitos (os).
Estou pensando mellor (o).
Faltaban os mellores do equipo (nos).

Fixo todos nunha tarde (os).

Hai que deixar marchar cando queira (a).

Ía cantando unha fermosa balada (lle).

Meu pai pensaba destruír (a).

Non contaba con ver nese lugar (te).

Nunca fun ver (o).

Onte vin na praza (as).

Penso que non dixo a verdade. (che)

Quixo recoller cedo (as).

Recitaba con moito aquel (as).

Sempre foi arranxando como podía (cho).

Xa deixou de arranxar (os).

Xamais andou releando (nos).

**4.- Coloca, sempre que sexa posible, o pronome *se* no lugar que corresponda.**

1. Nunca ........... arrepentiu........... e anos despois ............ marchou. .......... de alí.
2. Agora ........... queixa........... porque ........... casou ............ moi novo.
3. Aquí ........... falou........... moito del cando ........... morreu...........
4. Cando ........... foi........... da cidade non ........... atreveu........... a ........... despedir...........
5. ...........deixou........... estar sentado porque xa non ........... vía. ...........o sol.
6. ...........lavou........... as mans antes de ........... comer ........... unha ameixa.
7. Este ano ........... lembrou........... de min e ........... puxo ........... a facer o roscón a tempo.
8. ...........espertou........... cedo, ........... ergueu........... da cama, ........... peiteou........... e ........... botou. ..........á rúa.
9. Como ........... ri........... o condenado!, ........... merece...........un bo premio.
10. Con este frío ...........vai........... conxelar. ..........a auga da traída.

5.- Uso de te~che.

- Antes, pasa a P3 cada frase e coloca o pronome que corresponda [o~lle~se].

1. Lembro que______ollou fixamente.
2. Cando ías polo carreiro, a silva rachou______a camisa.
3. Aquel barbeiro non______rapou a xeito.
4. Nunca______convencerá de marchar.
5. Non confíes máis nese amigo, vendeu______na primeira ocasión.
6. Cibrán rexeitou______os argumentos aquel día.
7. Non sei se______salientei ben o que me interesaba.
8. Esa desgraza marcou______para o resto da vida.
9. Moito______quere aínda que non o recoñezas.
10. Non fagas caso cando______sorría así.
11. Foi un veciño quen______axudou a subir á maceira.
12. Bateu tan forte que______fendeu a porta.
13. A cámara enfocou______perfectamente esta vez.

14. Ese viño embebedou______sen______dares conta.
15. Onde______colocaches para saíres tan ben na fotografía?
16. Repíto______o que xa______contara na festa.
17. Tal labazada______deu que______chantou no chan.
18. Estabas tan doente que______tiñan que espir e todo.
19. Xa ao entrares, recoñecin______pola voz.
20. Xa estou cansa de dicir______que ese guindastre pode esmagar______se______pos aí.
21. Seica______dixo o bispo que______podías retirar cando______parecese mellor.
22. Como______latexa o corazón, non______asustes, que non é para tanto!
23. Non______quixen magoar, perdoa.
24. Tes______que sentir cómodo e deixar______levar polo bo humor.
25. Vou______quentar auga para que______poidas bañar axiña.
26. Canto______amou mentres non o consumiu a enfermidade!
27. Pensei______arranxar/pensei arranxar______o cuarto canto antes.
28. Xa escampou, déixo______o paraugas onde estaba.
29. En canto______vendeu a dorna o señor Pedro?
30. Si, home, botou______fóra por.
31. Ben me lembro de cando______bateu cun croio na cabeza.
32. Esas cores tan fortes poden______producir______molestias na vista.
33. Hai que ver o ben que______agasallaron hoxe.
34. Que______receitou dona Inmaculada, esa doutora que tan ben______cae?
35. A nugalla non______deixa erguer a tempo.
36. Retíra______de aí ou guíndo______á auga.
37. Case______oín todo.
38. Pon______a comer e que______aproveite!
39. Que______augurou a túa fada madriña?
40. Mañá recollerei______os libros.
41. Darei______un aprobado para que______alegres.
42. Entón puxarei______e ti farás como que caes.
43. Senta aí e non______movas, que______vou procurar un calmante.
44. Demasiado______sorriu a fortuna este Nadal, non______fagas o parvo.
45. Tal vez______xurdan novas posibilidades, vai______preparando.
46. Quen______pariu, que______lamba!
47. A crise afundiu______a empresa.
48. Atopei______a rillares no chocolate.
49. Sempre______lembrarei.
50. Ese médico sandou______e nada______pediu a cambio.
51. Xamais______tratarei como un escravo, non______queixes.
52. Se cadra, foron os toxos os que______espiñaron.
53. Meteu______nun portal e tirou______a carteira.
54. O vento rachou______a saia e deixou______toda esfarrapada.

55. Como______distribuíron na aula? Que lugar_____correspondeu?
56. Saudei______cando______dispuñas a cantar.
57. Algúns procurában______para______entregar______un presente.
58. Se______proe, ráñate.
59. Non______deixou falar.
60. Ese resolio mellorara______a voz.
61. Por que______chaman maragato?
62. Díxenche, dígo______e direi______que______quixen, quéro______e quererei_____como nunca ninguén______quixo a ti.
63. Se______saíron ben todas as frases, conténtate, que xa sabes diferenciar______*te* de *che*.

**6.- Coloca correctamente en cada frase o pronome que vai ao final entre parénteses[1].**

1. Colleu moi a modiño (o).
2. Pediu polas boas (a).
3. Desta forma ves mellor (as).
4. Axiña vou contar (os).
5. Recitaba con moito aquel (as).
6. Dixo el mesmo (o).
7. Quixo recoller cedo (as).
8. Pedía sempre sen azucre (as).
9. Trouxeron en tren (o).
10. Escoitou con moita atención (os).
11. Traes xa acabadas? (as).
12. Decidiu de súpeto (o).
13. Sempre deixan igual (a).
14. Eloxiei abondo aquel día (os).
15. Iguais a ese hai en calquera sitio (os).
16. Fendín coa macheta (o).
17. Onte vin na praza (as).
18. Ese fai moi bonitos (os).
19. Fixo todos nunha tarde (os).

---

[1] Colocación pronome persoal:

Cos **infinitivos**: se o infinitivo é suxeito, predicado nominal ou aposto, o pronome vai *despois*. No resto dos casos pode ir antes ou despois, mesmo se pode intercalar entre o infinitivo e unha preposición/conxunción que o rexe.

Cos **xerundios**: se é núcleo verbal, o pronome vai despois; no resto dos casos antes ou despois.

**Orde de colocación dos pronomes**: SE+PS+CI+CD→ Primeiro vai *se*, logo o *pronome de solidariedade*, logo *complemento indirecto* e o *complemento directo*

20. Contaron moitas cousas (nos).
21. Digo con toda a certeza (o).
22. Botei pola fiestra (a).
23. Os autobuses deixaban sempre alí (nos).
24. Pediu moitos favores (nos).
25. Faltaban os mellores do equipo (nos).
26. Leva sempre no peto (as).
27. Deron todo o diñeiro xunto (vos).
28. Pillaron polos pelos (a).
29. Recoñeceu nada máis chegarmos (nos).
30. Gardou nun baúl (os).

**7.- Substitúe os CD e CI por *llo /lla /llos /llas* ou *llelo /llela/ llelos /llelas*, segundo conveña. Colócaos no lugar axeitado.**

1. Sempre deu regalos aos feiticeiros.
2. Hoxe vendín o porco a uns tratantes.
3. Teño que pór un ferrollo á porta.
4. Merquei unhas morcillas á tendeira.
5. Regalei a gravata a meus irmáns.
6. Escondinlles as bonecas nun recanto.
7. Cando lle teceu eses panos preciosos?
8. Deches a comida ás tartarugas?
9. Como ensinaches os sinais de tránsito ao teu fillo pequeno?
10. Sinalei as tarefas aos alumnos.
11. Pon o funil á botella!
12. Pedín lentellas ao camareiro.
13. Puxo unha flor na lapela ao Pepe.
14. Despois tirou os estadullos ao carro.
15. Rubén colocou o roncón á gaita.

**8.- Indica todas as posibilidades de colocación do pronome que vai entre parénteses.**

1. Nunca fun ver (o).
2. Meu pai pensaba destruír (a).
3. A moto podía correr máis (lle).
4. Xa deixou de arranxar (os).
5. Aquel día tiña que deixar (mo).
6. Non contaba con ver nese lugar (te).
7. É mellor deixar así (o).
8. Para que colla sabor, cómpre esmagar mellor (o).
9. Ía cantando unha fermosa balada (lle).
10. Estou pensando mellor (o).
11. Agora coido poder coller coa man (os).
12. Cantas veces intentei deixar de querer! (o).
13. Hai que deixar marchar cando queira (a).
14. Sempre foi arranxando como podía (cho).
15. Sería aconsellable vender (o).
16. Debía de deixar traer á casa (as).
17. Xamais andou releando (nos).
18. Como desexaba entón poder doar! (os).
19. Cómpre recoller a tempo, vai chover (se).
20. Está a chover moito hoxe (che).

**9.- Substitúe o complemento directo e o complemento indirecto polos pronomes persoais correspondentes, colocándoos axeitadamente.**

1. Colleu as lambetadas ao irmán.
2. Tampouco trouxeron o lapis para ti.
3. Protestei cando estragaron a guitarra (a min).
4. Case leu toda a novela aos fillos.
5. Uns cortaron as uvas, outros beberon o viño.
6. Se dás un bico (a min), dou un euro (a ti).
7. Os veciños decotaron a amendoeira.
8. Mentres vía a vostedes no meu cuarto, estaba ledo.
9. Entón, tirou a pucha sobre a mesa.
10. A meniña puxo os lentes ao can.
11. Aínda que traias o anel para min, non vou coller (o anel).
12. Seica regalaron un cigarro cubano ao padriño o día do seu aniversario.
13. Gañaba a vida separando moscas segundo o seu sexo.
14. Os gobernos das grandes potencias decidiron facer, desde agora, os mísiles con rosas e caraveis.
15. Recollín uns DVD para vostede.

16. Ningún vaqueiro atracou a dilixencia.
17. Agora vou servir uns vasos de leite para vostedes, forasteiros.
18. Sempre hai espías pándegos nas súas películas.
19. O doente pediu xarope ás enfermeiras.
20. Moitos compañeiros tiveron un infarto.
21. Veña, arranxa todo iso para min!
22. Como meteron todas esas parvadas na cabeza (a ti)?
23. Nin comeu a sopa nin comerá as patacas.
24. Saíu da casa cedo e meteu a maleta no coche.
25. Antano compraban e vendían os escravos como se fosen animais.
26. Nalgures teño unha calculadora para ti.
27. Despois do partido deu unha masaxe aos xogadores.
28. Eu prefiro ver carreiras de cabalos.
29. O duque mercou un abrigo de peles para a duquesa.
30. Pregunta a lección a aquelas rapazas.

**10.- Coloca o pronome de solidariedade.**

a) Tratando de ti a un interlocutor.

1. Vaia sarandón que caeu esta noite!
2. O meu rapaz case non proba bocado.
3. Algúns foron ao cine ver *A lingua das bolboretas*.
4. Hoxe teño ganas de ver a Minia.
5. Canto me doeu onte a barriga!

*b) Tratando de vostede a un interlocutor.*

1. Que si, que caían folerpas coma puños!
2. A min pouco me gustan, tanto a caza coma a pesca.
3. Fíxose alcohólico de tanta cervexa.
4. “Antes había máis decencia”, dixo o Martiño.
5. Contoume cada mentira, ese lampantín!

*c) Tratando de ti a varios interlocutores.*

1. Non fumo porque prexudica a saúde.
2. Hai un libro que trata diso.
3. Vaia sorte que tiveron o Paulo e o Moisés coa quiniela!
4. O mestre nunca me colleu polas orellas.
5. Onte case nevaba.

*d) Tratando de vostede a varios interlocutores.*

1. Alba estuda a lingua deste cornello da Península.
2. Varios deles foron de vacacións a unha casa rural do Incio.
3. Onte rin moito cos chistes de Currás.
4. Merquei unhas cortinas moi fermosas en Camariñas.
5. Vou mudar da casa para unha rúa peonil.

## 11.- Explica a colocación dos pronomes átonos nas seguintes frases:

1. Que a fortuna te acompañe o resto da vida!
2. Oxalá te deixen vir á miña casa!
3. Pampos quedaron ao velo daquel xeito.
4. Deus cho pague, eu non teño cartos hoxe!
5. Agora te atendo, non desesperes, muller.
6. Agora aténdote, non desesperes, muller.
7. Logo che fago o pedido que me encargaches.
8. Logo fágoche o pedido que me encargaches.
9. Marchei axiña porque me doía moito a cabeza.
10. A vida che entrego, compañeira dos meus días!
11. Iso me contou, non mentiu.
12. Aí o tes, podes collelo.
13. Aí telo máis á man, podes collelo.
14. Calquera cho pode contar mellor ca min.
15. O meu corazón che entrego, meu caravel!
16. Antonte mandeiche un correo electrónico.

## 12.- Sinala todos os pronomes persoais.

Contan que unha vez se reuniron nun lugar da Terra todos os sentimentos e calidades dos homes. Cando o **Aburrimento** boquexara por terceira vez, a **Loucura**, coma sempre tan tola, propúxolles xogaren ás agachadas. A **Intriga** levantou a cella intrigada, e a **Curiosidade**, sen poder conterse, preguntou: *Ás agachadas*? *Como é iso*? "*É un xogo* –explicou a **Loucura**-, *no que eu tapo a cara e comezo a contar desde un ata un millón. Mentres tanto vós agachádesvos e cando eu remate de contar, ao primeiro que atope ocupará o meu lugar para continuar así o xogo*". O **Entusiasmo** bailou, secundado pola **Euforia**; a **Alegría** deu tantos saltos que terminou por convencer á **Dúbida**, mesmo á **Apatía**, á que nunca lle interesaba nada. Pero non todos quixeron participar: a **Verdade** preferiu non esconderse (*Para que*?-dixo-. *Se ao final sempre me atopan* ). A **Soberbia** opinou que era un xogo moi parvo (no fondo o que a amolaba era que a idea non fose dela) e a **Covardía** preferiu non arriscarse. "*Un, dous, tres …",* comezou a contar a **Loucura**. A primeira en agocharse foi a **Preguiza**, que coma sempre se deixou caer tras a primeira pedra do camiño. A **Fe** subiu ao ceo e a **Envexa** agachouse tras a sombra do **Triunfo**, que co seu propio esforzo lograra subir á copa da árbore máis alta. A **Xenerosidade** case non conseguía agocharse porque cada sitio que atopaba parecíalle marabilloso para algún dos seus amigos e cedíallo: que se un lago transparente, ideal para a **Beleza**; que se o voo dunha bolboreta, o mellor para a **Voluptuosidade**, que se unha fenda dunha árbore, moi apropiado para a **Timidez**; que se unha racha de vento, magnífico para a **Liberdade**. Así que rematou por agocharse nunha raiola de sol. O **Egoísmo** atopou un sitio moi bo desde o principio, un lugar ventilado e moi cómodo…, pero só para el. A **Mentira** agochouse no fondo dos océanos, mentres a **Realidade** se ocultou detrás do arco da vella e a **Paixón** e o **Desexo**, xuntos, dentro dos volcáns. O **Esquecemento**…, non lembro onde se agochou, pero iso non importa. Cando a **Loucura** contaba 999.999, o **Amor** non atopara aínda un lugar para agocharse, porque todo estaba ocupado, ata que de súpeto albiscou unha roseira e, conmovido, decidiu agocharse entre as súas flores. "*Un millón*!", contou a **Loucura**, e entón comezou a buscar. A primeira en aparecer, claro, foi a **Preguiza**, tras unha pedra a tres pasos dela. Despois escoitou a **Fe**, discutindo con Deus no ceo sobre teoloxía; e a **Paixón** e o **Desexo** sentiunos axitarse no vibrar dos volcáns. Nun descoido atopou á **Envexa** e, claro, puido deducir onde estaba o **Triunfo**. Ao **Egoísmo** non tivo nin que buscalo, saíu disparado do seu tobo el só porque resultara ser un niño de avespas. De tanto camiñar, a **Loucura** sentiu sede, e ao achegarse ao lago descubriu á **Beleza**, e á **Dúbida** atopouna sentada nun valado sen decidir de que lado agocharse. E así, un a un, foi atopando a todos os sentimentos e calidades humanas: ao **Talento** entre a herba fresca, á **Angustia** nunca cova, á **Mentira** detrás do arco da vella ("Mentira!": ela estaba no fondo do océano) e ata ao **Esquecemento**, que se esquecera de que estaban xogando ás agachadas. Pero o **Amor** non aparecía por ningunha parte. A **Loucura** buscouno detrás de cada árbore, en cada regato do planeta, no cume das montañas… E cando estaba a piques de darse por vencida, albiscou unha roseira acugulada de rosas. Emocionada tomou unha forquita e comezou a mover as pólas, ata que de súpeto, oíuse un doloroso berro: as espiñas dunha rosa feriran gravemente os ollos do **Amor**, cegándoo. A **Loucura**, desconcertada, non sabía que facer para desculparse. Chorou, implorou, pediu perdón e ata prometeu ser o seu guía. E así é como desde entón, desde que se xogou por primeira vez ás agachadas na Terra, O **Amor** é cego e a **Loucura** sempre o acompaña.

Conto popular en Lituania.

**1.- Enche os ocos cos** demostrativos **apropiados:**

1. Para ........... tarefa non me cómpre ........... trebello, senón...........outro e mais...........outros de alá.
2. Despois de se decataren de..........., tiveron que desaparecer de. ..........casa.
3. Eu prefiro..........., mais é algo máis caro que...........
4. ........... vídeos están algo pasados de moda, ............están moito mellor.
5. En........... mesmo lugar saíuse da estrada meu pai cando tiña............deportivo vermello.
6. Con........... amplificación non se escoitan nada ben ...........grupos folclóricos.
7. Todo........... que ves fíxeno eu con........... manciñas tan xeitosas.

8.bicicleta estática custoulle á Mila moitas suores.

9. Se o fas de ...........maneira conseguirás mellores resultados.
10. Colle........... pasteis e deixa. ..........para teu curmán.
11. ........... verán moito nos divertimos; ...........italianos eran do máis simpático.
12. En........... aquela casa faise o que eu mando, non vos esquezades de...........
13. Tráeme........... de alá, que con ...........non me arranxo.
14. O gañador non é........... nin........... nin. .........outro; son eu, así que a enfastiarse.
15. ........... ano os do Breogán gañaremos a liga ACB grazas a. ...........dous reforzos americanos tan altos e anotadores.
16. De.......... auga non beberei eu.
17. Con........... cartolinas vaiche resultar moi feitiño.
18. ........... banda deseñada é tan boa como............que me ensinaches o ano pasado.

19.si que era vivir, todo o día estomballado co bandullo ao sol.

20. Deixa. ..........aí onde está.
21. Que ben saben........... galletas! Déixame probar unha...........
22. De............ aínda non se tiña ás mesas.
23. Con........... do aniversario chegou o módem soñado.

**2.- Comenta o valor das formas de** demostrativo **que aparecen nas seguintes frases:**

1. Ten un aquel que namora.
2. Co aquel da festa non foi á clase.
3. A túa compañeira si que ten aquel.
4. Esa saída graciosa si que ten aquel.
5. Sempre tratou os libros con moita aquela.
6. Ese filme non ten aquela ningunha.
7. Hai que ver con que aquela trata o mozo.
8. É bo rapaz, mais ten unha aquela que o fai moi feo.
9. Coa aquela do accidente quedaron todos apesarados.
10. O individuo ese non me engana a min.
11. Iso non é un mozo, é un farrapo.
12. Daquela aínda ti eras pequena.
13. Cando veu daquela, estábache mellor conservado.
14. Daquela déixocho na conserxería.
15. E con estas, esfumouse en cuestión de segundos.
16. Nisto deixou de chover e saíu o “Lourenzo” todo esplendoroso.
17. Nestas entra a directora de moi mal xenio.
18. Conta o que che pasou daquela.
19. Daquela imos hoxe ao teatro, ver unha versión de *O lapis do carpinteiro*.
20. Co aquel do partido do Celta saíron antes da hora.
21. Véxolle pouca aquela a esta programación.
22. Con que aquel me contaba as súas aventuras en África!
23. Non o vas conseguir nin por esas!
24. E ti agora vésme con estas, anda, vai rañar a barriga por aí!

**3.- Sinala os demostrativos no texto.**

Senta no peirao a ver os barcos e faise unha e outra vez as mesmas preguntas. De onde virán. Onde irán. Cando poderei subir nun deses e fuxir lonxe –nunca, Marco, sabes que nunca, contestaríanlle os barcos se tivesen a facultade de falar-. E como non sabe a resposta e os barcos non falan, só lle resta soñar: aquel vén de Constantinopla, aqueloutro de loitar contra os turcos, ese quizais parte mañá para Crimea, naquel de alí quizais suba eu para viaxar lonxe. Ás veces Marco Polo pasa o serán escoitando as historias que contan os mariñeiros que deitan o seu corpo canso en Venecia e foxen correndo para as tabernas. Alí escoita con devoción todas esas historias que contan animados polo viño. De sabelo, o pai nunca o aprobaría. De feito, nunca entendería por que gusta tanto da compaña deses homes rudos que falan, na borracheira e na emoción alentada polo viño e as mulleres, de terras onde habitan as amazonas, de homes con cabeza de can que bourean en linguas antes nunca escoitadas, de ciclopes e unicornios, de grifóns voadores con gadoupas tal aguias diañentas… Historias que seu pai lle dixo, a única vez que se atreveu a contar da súa afección por elas, que non son certas. Que son fantasías. Que non hai nada diso alén mar.

(*O segredo de Marco Polo*, Francisco Castro)

## POSESIVOS

**1.- Indica o valor das formas de posesivo que aparecen nestas frases:**

1. Sempre tiven coche de meu.
2. Este frigorífico custarache os seus cincocentos euros.
3. Xa andan os da clase do lado a facer das súas.
4. Polo que vexo, os teus nunca van ao fútbol.
5. Ese nunca chegará a ter casa de seu.
6. O Paulo xa che ten os seus vinte anos.
7. O meu Carliños aínda non vai á escola.
8. Os meus sempre van no verán á praia.
9. Aquel cativo era intelixente de seu.
10. Outra vez vén cos seus chistes baratos.
11. Temos dúas piscinas de noso.
12. É moi de teu deixar todo esparexido polo chan.
13. Deica a Rúa hai os seus cen quilómetros.
14. Os seus non a deixan saír despois das dez da noite.
15. Non creo que volvan xa ao seu.

**1.- Enche os ocos usando os indefinidos *mesmo, propio, tal, demasiado, ambos, algún, ningún, alguén, ninguén, calquera, cadaquén, quenquera, outro, certo*.**

1. …………….que te vise, diría que vas espido.
2. Foron as ................ que da outra vez.
3. Non mo dixo ..............., sabíao eu.
4. Contra ese mal non hai ................ solución.
5. Traballar para ........... é máis custoso que ter un traballo ...........
6. ………………..cho contaría, que ti non o sabías.
7. Viñeron ...........dúas con ................ amigas.
8. De................ persoas non se pode un fiar.
9. …………….que fose, ía laiándose coma un can.
10. ........... ten que apandar coas súas obrigas, ou como din................. coa súa cruz
11. En ........... sitios chove máis que en ...........
12. Vén por aquí................ persoa que non é do meu agrado.
13. Non podemos dubidar da inocencia dos dous oficiais,................ foron vistos a esa hora.
14. Cando atacou o inimigo, o pánico foi ........... que ................ ata perderon os zapatos.
15. Ía frío para poder espirse na praia.
16. ........... parece culpable, mais ten que ser ................ dese grupo.
17. En ........... tenda venderancho polo ................ prezo.
18. Vinme negro, alí non había ................ pistas a xeito para aterrar.
19. ………………..que fose vai quedar sen castigo.
20. ……..........pague o que lle corresponder, que sempre hai ............ que intenta librar.

**2.- Localiza nos textos das ABAU que se che indiquen os indefinidos.**

**1.- Escribe en letras estas cifras:**

583.342 mazás.

256.118 limóns.

238.916 peras.

5.428.717 euros.

66.582.897 onzas.

7.631.921 dólares.

457.319 billetes.

342.006.555.444 habitantes.

1. 1º
2. 3º
3. 7º
4. 8º
5. 11º
6. 12º
7. 13º
8. 14º
9. 15º
10. 16º
11. 20º
12. 24º
13. 28º
14. 30º
15. 32º

1. 37º
2. 40º
3. 41º
4. 45º
5. 50º
6. 53º
7. 59º
8. 60º
9. 80º
10. 90º
11. 100º
12. 1.000º
13. 1.000.000º
14. 25%
15. 89,6%

**2.- Completa as seguintes frases usando *numerais* ou *substantivos colectivos.* Indica en cada caso se son numerais s substantivos.**

1. 16 é o ............de 8
2. 9 é o ............de 3.
3. Teño un ............de zapatos do trinque.
4. Non votou o 58% por cento do censo, logo abstívose case a............ dos electores.
5. Moitos............ de persoas asistiron á manifestación da Praza Vermella.
6. Antes pagaba 5.000 euros, agora paga 25.000, xusto o ...........
7. Os gardas civís e as monxas antes andaban por ...........
8. Tiña un rabaño de varios ...........de ovellas, preto das 7.000.
9. Teño nove laranxas, se me dás unha terei unha ...........
10. Chámase............ a un conxunto de tres persoas, e a un grupo de catro músicos chamámoslle ...........
11. Os ovos soen venderse por ...........
12. Chámaselle ........... a un período de 15 días e............ a un período de 5 anos.
13. Un período de 10 anos denomínase ........... e o de 1.000 ...........
14. Un período de 40 días recibe o nome de ...........
15. Unha área é a ............parte dunha hectárea.
16. O metro é a ............parte do quilómetro.
17. 90 é o ............de 9.
18. A sociedade contribuíu con 2/3 para os gastos, o outro............ púxoo o Concello.
19. Unha composición musical para dúas voces ou instrumentos recibe o nome de ........... ou ...........
20. A cada unha das catro partes dunha mazá, chamámoslle un ...........
21. Pescaron............de anguías.
22. 25 é a ........... parte de 100, 100 a ........... de 700, e 700 a............ de 7.000.
23. 10 é ........... parte de 120 e a............ de 150.
24. Un conxunto de 100 anos chámase ..........., e un de repolos chámase...........
25. O punto equidistante dos dous extremos dunha recta, dicimos que está xusto no.............e que sinala as dúas ............da recta.

**RELATIVOS, INTERROGATIVOS E EXCLAMATIVOS.**

**1.- Enche os ocos coas formas *que, quen, cal, onde, u, canto.***

1. Eles non son ................de dicirche iso.
2. Os................ queiran, que marchen xa.
3. …..che inventou ese alcume?
4. A lle vén tanta saña?
5. ……..hai fume, hai lume.
6. Deixaches aí o reloxo, mais ............... ?
7. …………labarada da que me falaches? Eu non vexo nada.
8. As angueiras son as.................acaban con ela.
9. Boteille ese resolio na mancadela, o ................ produciu aínda máis proído.
10. ........... era o ................ estaba axexando?
11. Construíron un xardín ........... dá xenio velo, o ................ é bastante raro nesta cidade.
12. Cando teña cartos fareille un tobo ao can, co.................xa non andará por aí de buraco en buraco.
13. Non eran eles................ andaban roufeñando toda a noite.
14. De................ viñas onte a aquelas horas da noite?
15. Vendeu ................ lle deixaron os pais.
16. ………….froita que mercaches?
17. Todos os días leo un bo anaco, o ................ mellora a miña formación.
18. Estou moi nervioso, o.................non é nada bo.
19. ………….pasaxeiros van nese avión?
20. Baixou á cociña,................ colleu a botella de auga.
21. ........... eran os xogadores ................gañaron o mundial de 2010 de fútbol?
22. De todos os gañadores do Tour de Francia, ................é o teu preferido?
23. Sempre vivín ........... quixen, non.................me obrigaron
24. ……....-los euros que che deixei onte?
25. Agora hai moitos chineses ........... falan galego, son os.................veñen traballar aquí.

**2.- Sinala os relativos nos textos seguintes:**

1. Chegou das Américas un home rico e trouxo un negriño cubano, coma quen trae unha mona, un papagaio, un fonógrafo. O negriño foi medrando na aldea, onde deprendeu a falar con enxebreza, a puntear muiñeiras, a botar aturuxos abrouxadores. (Castelao, *Cousas*).

2. Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente. E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazado a súa nai. Era un home que non se parecía ao retrato; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo. Aquel si que era o pai de Migueliño. (Castelao, *Cousas*).

3. De súpeto parouse e sentiu un arrepío de medo: na despensa onde se gardaba a louza, xurdira unha nota cristalina, soa, temerosa na noite, unha pinga de psalterio de dúas copas que se tocaban. O morgado pensou: “ É un aviso”. E quedou sen enerxía, disposto para a desgraza que sen dúbida aletexaba polos arredores do pazo naquela fría noite de marzal. (Otero Pedrayo, *As onzas*).

4. Houbo un intre no que pola face dun dos compañeiros de fúnebre carga pasou a insinuación leviá dun sobresalto, coma se el estivese a sentir tamén o velaíño buligar. Mais non foi máis que un lampo. De seguida ficou sereno. Eu non dixen nada. Houbo un intre en que case me decidín. Dirixinme ao da miña banda e, acobexando a pregunta nun sorriso de retrouso, deslicei:
– E se o Bieito fose vivo?
O outro riu picaramente coma quen di: “Que ocorrencias temos”, e eu amplifiquei o meu falso sorriso de retrouso. (Rafael Dieste, *Dos arquivos do trasno*).

5. Este Tristán do que conto nunca soubo por qué lle puxeran ese nome no sacramento do bautismo, nin coñecía a ninguén que se chamase coma el. Un tío seu que traballaba como camareiro nun restaurante moi famoso de Lisboa, dicíalle que en Portugal coñecía a dous ou tres cabaleiros dese nome, e que todos eles eran moi ricos. Tristán foi cumprir o servizo militar a León, e alí un día, nun quiosco, mercou por dous reás “La verdadera historia de los amantes Tristán e Isolda”, cos namorados moi abrazados na portada do folletín. Ao fin ía saber quén fora aquel Tristán cuxo nome levaba. Cando chegou ao final da historia, coa morte de delambos namorados, Tristán García verqueu unhas bágoas. (Álvaro Cunqueiro, *Tristán García*).

6. Vós non podedes entenderme, sodes da outra banda; dos que andan por derriba. Non me refiro soamente á cama. Hai dúas castes de xente: a dos que remangan a xostra e a dos que van diante dela. Uns mandan e outros son mandados. Eu ben sei deso. Porque eu. Ninguén leva aturado tanto. Pero vós non sodes quen de sentir mágoa por unha muller da miña caste. Somos lixos de coiro morno; preas sin cheiro. Rídesvos do noso rir. Pensades que non pensamos. E eso, derriba de todo o demais, doe de certo. (Neira Vilas, *Lucinda*).

**3.- Localiza os relativos nos textos das ABAU que se che indiquen.**

**VERBO 1**

**1.- Indica, nas seguintes formas verbais[2]:**

a) Persoa, tempo, modo.
b) Lexema e morfemas.

Marcharei, temo, marchasen, cantabas, cantariamos, produzan, comerdes, conduciu, falaren, comestes, rexeitara, falades, bebésedes, distribúes, pediría, amei, mida, temes, partía, pido.

| | R | VT | MMT | MNP | | R | VT | MMT | MNP |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |

2

| Copretérito | Pretérito | Antepretérito | Pospretérito |
|---|---|---|---|
| Imperfecto de indicativo | Pretérito perfecto | Pluscuamperfecto | Condicional |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | |

**2.- Indica o valor dos tempos verbais nas seguintes frases:**

1. Poderiades emprestarme o chisqueiro?
2. Faredes o que vos digan.
3. Cando tiver tempo, irei a Rio de Janeiro.
4. Nese ano Priciliano é decapitado en Tréveris.
5. Había unha vez unha ra moi fea que..........
6. Xa marchaches! Fóra de aquí!
7. Podías deixarme o teu dicionario de galego?
8. Cando me falou, xa o recoñecera eu.
9. Para que asubiase, tiven que darlle medio euro.
10. Terás uns céntimos para min?
11. Que a sorte te acompañe, meu vello!
12. Hoxe vai unha calor que se asan os lagartos.
13. A este paso, cando chegues, xa el marchou.
14. O horizonte é infinito.
15. Serán as dez e cuarto.
16. O que eu querería saber é por qué te pos así.
17. Se tivese un bo veleiro, daba a volta ao mundo.
18. Saio da oficina ás tres.
19. No entroido comen filloas e torradas.
20. Cando for grande, estudarei para médico.
21. Aínda que neve, irei aos Ancares.
22. Onte habería unhas duascentas persoas no teatro.
23. Este ano cambiaremos de coche.
24. Pensou que así gañaría máis.
25. O que eu quería saber é se che gustaron os doces.
26. Deixade estar as cousas no seu sitio!
27. Este verán vou a Lisboa mellorar o meu portugués.
28. Daquela ti eras un rapazolo.
29. Seica sacou moi boas notas. Sacaría...........!
30. Non me fales berrando así.
31. Vendeu as patacas recollidas a un euro o quilo.
32. Recollidas as patacas, vendeunas a un euro o quilo.
33. En chegando, pon a cafeteira ao lume.
34. Sempre gañaba facendo trampas.
35. Podería deixarme pasar?
36. Que teñas sorte!
37. Había unha vez un rei que tiña tres fillas.
38. No século VIII os árabes invaden a Península.
39. Cando lle dixeches que ías á praia?
40. Se non apuras, cando entres na estación, xa saíu o tren.
41. No colexio cómese ás doce.
42. Despois de pagarmos os impostos á Facenda, teremos uns dous mil euros.
43. Por que lle contaches que iamos ao cine?
44. Quizais che regale algo cando cobre o salario.
45. En saíndo, chámao desde a cabina.

**Valor dos tempos e modos**

**MODO**

| | |
|---|---|
| Modo: Expresa a actitude do falante con relación á acción verbal. | **Indicativo**: feito real, obxectivo.<br>**Subxuntivo**: feito como posible, como desexo ou mandato atenuado; tamén dúbida, emoción, temor, etc.<br>**Imperativo**: feito como mandato atenuado ou orde. |

**TEMPO**

| | | |
|---|---|---|
| Presente de Indicativo. | Coincidencia co momento actual | Presente habitual: acción frecuente.<br>Presente histórico ou narrativo: sucesos do pasado.<br>Presente intemporal: verdades permanentes.<br>Presente prospectivo: certeza no futuro.<br>- Presente imperativo: mandado atenuado. |
| Copretérito (pretérito imperfecto) de indicativo. | Coincidencia cun momento do pasado. | Copretérito narrativo: nos contos, historias...<br>*Copretérito de cortesía.*<br>*Copretérito con valor de futuro* (desde o pasado). |
| Pretérito (pretérito perfecto). | Un feito pasado máis ou menos afastado (non precisa referente). | Valor *imperativo.*<br>*Pretérito de futuro*: acción futura que se realizará axiña. |
| Antepretérito (pretérito pluscuamperfecto). | Un feito pasado con relación a outro tamén pasado -non con respecto ao momento actual-. | |
| Futuro de indicativo. | Feito que aínda non sucedeu no momento actual. | *Incerteza, posibilidade.*<br>*Obrigatoriedade.*<br>*Cortesía.* |
| Pospretérito (Condicional / futuro hipotético). | Feito futuro con relación a un tempo pasado. | *Incerteza no pasado.*<br>*Cortesía.* |
| Presente de subxuntivo. | Coincidencia co momento actual ou co futuro. | |
| Pretérito (imperfecto) de subxuntivo. | Tempo pasado, presente (feito irreal) ou futuro (referente ao pasado). | |

**3.- Indica o verbo a que corresponde cada unha das formas e tamén outra forma do mesmo verbo que poida ser participio.**

Limpo, canso, farto, comesto, espertado, escolleito, chocado, gastado, suxeitado, moído, nado, collido, acendido, prendido, torto, envolto, pago, murchado, retorcido, soltado.

**4.- Enche os ocos coas formas correspondentes do infinitivo persoal (conxugado).**

1. Para chegar (nós)........... a tempo, cómpre bulir...........
2. Despois de saír (vós) .........., fechade a porta.
3. Ao pendurar (ti) ...........o xamón, rompiches a cadeira.
4. Comprou coche para chegar (el) ...........antes ao traballo.
5. Enfadeime con eles por falar (eles) ...........mal de min.
6. Tireille unha foto para ter (eu)........... unha lembranza del.
7. Non pode haber dificultades para usar (nós)........... o galego sempre.
8. Non poñas tantas dificultades para me emprestar (ti) ...........o libro.
9. Non é tan difícil gañar (eles) ...........a partida.
10. Sen comprar (vós)........... fariña, non poderedes facer o pan.
11. Ao recoller (ela)........... os cinceiros, rompeu un.
12. Rebaixáronlles o soldo por faltar (eles) ...........moito ao traballo.
13. Non se dan posto de acordo para facer (elas)............unha folga polo convenio.
14. Xa vai sendo hora de rematar (vós)........... os exercicios.
15. Non paga a pena ir (ti) ...........andando ata o centro.
16. Sería máis custoso poñer (vós) ...........a banda ancha.
17. De sabelo (nós)........... xa non estariamos alí.
18. Por andar (eu)...........de esmorga decote, estraguei o fígado.
19. Sen darlle (vós)........... propina, non conseguiredes un bo asunto.
20. Tiveron que viaxar dous días con motivo de entregarche (eles)........... o premio do concurso.
21. Con andar (ti) ...........a facer subornos, pouca sona vas coller.
22. Para arranxarcho (nós)...........hoxe, terás que deixalo aquí.
23. Recoñeceu ser (vós)........... os primeiros en chegar (vós) ........... a Riazor.
24. Para poder (el) ...........falar, debe pedir a palabra primeiro.
25. Paciencia, que non é preciso pórnos (nós)............dese xeito.

**5.- Utiliza o infinitivo conxugado sempre que sexa posible.**

1. Despois de chegar, puxémonos a conversar un anaco.
2. Por non estudar nada, vas levar un suspenso.
3. Ao morrer nácese outra vez.
4. Para chegar a esa conclusión cumpriría ver novas probas, e que nos puxésemos a traballar en serio.
5. De chegar a algo, non será polos esforzos que ti mesmo fas.
6. Ao decidir o futuro da empresa cometemos graves erros de apreciación comercial; ben nos debiamos decatar de que a realidade era outra, e pór os alicerces dunha sociedade competitiva nas novas tecnoloxías da información.
7. Sen realizar algunhas melloras na explotación nunca tiraredes grande rendibilidade; con facer a estabulación libre e uns silos máis amplos, xa poderiades producir a bo prezo na S.A.T. Os Parentes.
8. Decidimos facer unha longa viaxe aos Estados Unidos para ver o sitio onde caeron as Torres Xemelgas no 2001 e apreciar as belezas da cidade; en caso de acharnos a gusto, prolongariamos a estadía.
9. Entre saír nós e chegar ti non pasou unha hora.
10. Perderon unha boa cantidade de diñeiro ao rexeitar o premio por diferenzas coa Xunta.

11. Gustaríanos moito poder participar nesa competición atlética, facilmente puidésemos chegar á final.
12. Por non estar na casa non che puidemos entregar os telegramas.
13. Xa ía sendo tempo de acabar a obra, aínda que, certamente, se che presentaron moitos problemas.
14. Tras exporlle a cuestión, decidimos actuar, dese o seu consentimento ou non.
15. Sempre vos repito esta frase: estar vós atentos é moi raro.
16. Non vos lembrades que a pouco de entrar comezou a orquestra a tocar e xa vos puxestes a bailar?
17. Con motivo de saír as listas de aprobados demos unha pequena festa.
18. Ao demostrarlles eu e mais ela que a solución non era esa, puxéronse furiosos, mais non tiveron outro remedio que darche a razón.
19. Ao chover, énchense de lama as corredoiras.
20. De encontrar petróleo nas túas terras, converteraste nunha das máis ricas da aldea.
21. Iso é como confundir o touciño coa velocidade.
22. Non lle contes o segredo ata marchar.
23. Despois de reincorporarnos ao traballo teremos que revisar o feito polos substitutos.
24. Non estaría mal dedicarnos un pouco máis ás lecturas en galego, non só para pasar mellor o tempo, senón para adquirir coñecementos novos sobre a patria.
25. Xa albiscou algo diso ao saír todos xuntos da cafetería.
26. Escoitaron moitas felicitacións por ir tan ben conxuntados o martes de entroido.
27. Prometeunos montóns e moreas por conseguir uns resultados tan satisfactorios.
28. Falásteslles de todo, desde integrarvos no seu grupo de afeccionados ata construír o desexado veleiro entre todos.
29. Ao sentar na cadeira, partícheslle unha pata e houbeches caer.
30. Entre entregar as armas ou morrer coas botas postas, os soldados americanos escolleron o primeiro.
31. Con estes discursos non fas máis que aborrecernos.
32. Dedicábase a vixiar o inimigo desde a atalaia.
33. Con mercarche o negocio non che resolveremos a situación financeira.
34. De sabelo os enxeñeiros, pódenche retirar o permiso.
35. Antes que convocar eleccións, preferiron formar outra alianza de dereitas

**6.- Transforma as frases utilizando o infinitivo conxugado.**

Por exemplo*, cando saímos, chovía: ao saírmos chovía; se o soubeses, contaríalo: de o saberes, contaríalo*.

1. Despois de que marchases, púxose a recitar.
2. Así que llelo contamos, desfacíanse en gargalladas.
3. Cando o sacaron do coche en chamas, xa era demasiado tarde.
4. Cómpre que andedes máis lixeiros para que cheguedes con tempo.
5. Nesta piscina fai falta que saibades nadar.
6. Non é necesario que vos mergulledes ata o fondo.
7. Non estaría mal que colleses o primeiro tren para Ourense.
8. Se foses un bo fillo, faríasme moitos presentes.
9. Se os indios fosen sempre os bos, esas películas veríanse menos en USA.
10. Como non vendamos os electrodomésticos, non teremos nin para comer.
11. Como non te presentes a retreta, darante por desertor.
12. Para que achásedes ouro, teriades que vir cen anos antes.
13. Para que mellorasen as publicacións, habería que modernizar a imprenta.
14. Despois de que saian do prelo, xa faremos a revisión da segunda edición.
15. Se contásemos con el, non estariamos agora parados.
16. Non estaría mal que recoñecésedes a nosa superioridade.
17. Como non te comportes doutro xeito, acábase a amizade.
18. Para que se conservasen eses animais salvaxes, habería que protexer máis certas paraxes.
19. Así que llos dei, xa se puxo a espallalos polo chan.
20. Se fosemos ao Porto, pasariamos por Tui.

**7.- Sinala as perífrases verbais e indica o seu valor.**

1. Vou deixar o coche no aparcadoiro, que onte houbéronmo roubar; xa tiña a fechadura un pouco forzada. Cando acabe de pagar a casa, hei de mercar unha praza de garaxe porque quero durmir tranquilo e non ter que andar con preocupacións.
2. Este mes andan a recoller os pexegos. Segundo a televisión, está para mudar o tempo e hai que darse présa.
3. Debe vivir aquí un gaiteiro. Sempre está ensaiando e deberías chamarlle a atención para que non volva a tocar a esas horas da noite.
4. A miña curmá anda para ter un neno. Non quedaba embarazada desde que se puxo a traballar na tenda, e agora volverá pedir a baixa.
5. Puido morrer no accidente e desde entón deu en beber como unha esponxa. Como non deixe de visitar tanto os bares vai acabar con cirrose.
6. Cando rompa a ferver a auga, bótalle as nabizas, que xa han estar medio cocidas noutra pota; báixaslle o lume e, cando remate de ferver, tornas a botarlle máis auga.
7. Boteime a correr detrás del, xa o estaba collendo cando escorreguei e houben caer.
8. Breixo segue sendo un lacazán; leva facendo que traballa moito tempo, porque di que non dá atopado un oficio á súa medida.
9. Ti vai andando diante, que eu xa che levo camiñado moito e estou desfeito.
10. Andas dicindo por aí moitas falsidades. Estás a xogar con pólvora e vaste queimar. Xa sei que non dás controlado, mais iso non é desculpa.
11. En negocios peores me vin eu metido e sempre saín ben librado. Teño feito algún cambio con el e sempre fiquei satisfeito.
12. Anda levado do demo porque ten que facer a declaración da renda e este ano vai pagar o dobre do pasado.
13. Han ser uns vinte. A Uxía tamén quería vir mais non pode porque aínda non acabou de arranxar a horta.
14. Xa vai dito case todo o que tiña preparado. Así que non me vou pór a comezar novos capítulos.
15. Principiou a chover e non deixou de caer auga ata á noite. Debían ser as sete e aínda estaba a decembrar.
16. Houbo aprobar o exame de conducir, só lle faltaron catro preguntas: agora terá que voltar a pagar a matrícula.
17. Chegaron cantando e moi ledos, logo deron en bailar e seguiron cantando ata á alba.
18. Eu podo conseguir o que queira do Marcial, levo abusando del moito tempo e penso seguir igual.
19. Deches entendido ese texto? Eu non, e iso que o levo estudado abondo.
20. Xa lle teño dito moitas veces que hai que andar con ollo, que hai tempo que deixou de estar nos biosbardos.
21. Deben ser as sete e xa han estar no estadio.
22. Coido que es o mellor aínda que sexas castigado a diario.
23. O camiño foi percorrido en menos de tres horas.

**8.- Pon estas frases en presente:**

1. As túas declaracións non contribuíron a aclarar o crime.
2. Permanecín todo o ano atento ás evolucións da bolsa.
3. Este ano distribuín eu os regalos entre os cativos.
4. Non coñecín os teus amigos alemáns.
5. Reproducín algúns cadros dese pintor tan nomeado.
6. Moito temestes a miña reacción.
7. Esta semana concluíron as obras do garaxe.
8. Conducín con moito tino por mor da neve.
9. Todas as noites metestes as ovellas na corte.
10. Os paxaros coméronme case todo o millo da veiga.
11. Ese lobo non trabou a ninguén.
12. Segundo as premisas, deduciu a conclusión.
13. Cando o collín coa man, escaldoume.
14. Colliches o coitelo e cortaches o touciño.
15. Posuíron as mellores motos do barrio.
16. Amontoei os libros sen os colocar.
17. Cambiaron o armario de cuarto.
18. Afiaron as fouces antes de comezaren a seitura.
19. Obedecín todas as túas ordes.
20. Non os destituíron polos nosos asuntos.

**9.- Pon en pasado as seguintes frases:**

1. Iso produce uns efectos nefastos.
2. Seica comes demasiado caldo.
3. Andas un pouco acatarrado estes días.
4. Estes coches non reducen ben nas baixadas.
5. Andades algo desviados, fóra do asunto.
6. Introducimos unha nova variante?
7. Canto me río cos teus contos!
8. Xamais leo os libros que escribes.
9. Perdoa, mais non che creo esas historias.
10. Sempre pedides cousas imposibles.

**10.- Pon as frases seguintes en presente**:

1. A avoa sentiu moito as túas desgrazas.
2. A literatura galega rexurdiu no século XIX.
3. Eses pillabáns mentíronche descaradamente.
4. Buliches moito facendo os exercicios.
5. Feriron as perdices, mais non as colleron.
6. Axiña subiches as escadas ata o 3º andar.
7. Os cans fuxiron co rabo entre as pernas.
8. Agora servíchesme con moito agarimo.
9. Acudiron alí como as moscas ao mel.
10. Advertíronme das dificultades do proxecto.
11. Durmín moi a gusto escoitando caer a choiva.
12. Xa sei que tusiches para demostrar o teu desgusto.
13. Seguiches a cantar as mesmas cantigas.
14. Encubriron moi ben os feitos.

15. Mediu mal as distancias.
16. Os veciños non consentiron tales cousas.
17. A Amantia luciu un precioso pano bordado.
18. Nada conseguiron con eses argumentos.
19. Moito lle fundiu no traballo.
20. Perseguiches os mesmos obxectivos ca min.

**11.- Transforma as seguintes frases facéndoas comezar co adverbio *quizais.***

1. Traduciremos algúns textos do italiano.
2. Nomearemos os máis capacitados para este posto.
3. Con tanto ruído na rúa tolearedes.
4. Amontoarán todo, coma sempre, no cuarto.
5. Roerá todo o queixo.
6. Moeredes o millo xa co novo muíño.
7. No xantar de mañá riremos coas túas historias.
8. Eles crerán todas as túas afirmacións.
9. Sairán antes os vermellos.
10. Cambiarei viño por aceite na Feira Franca de Pontevedra.
11. Afiarei o coitelo para sangrar os porcos na matanza.
12. Substituirannos por outras mellores.
13. Diluiremos todos os compostos.
14. Durmirei como un rei esta noite.
15. Servirémosvos con todo o luxo posible.
16. Caberá todo o viño dentro da pipa.
17. Dirás unhas palabras de recibimento.
18. Afarédesvos moi ben nesa vila tan agradable.
19. Mañá traerei o libro das normas de circulación.
20. Teremos moito traballo atrasado polas vacacións.
21. Serás a actriz máis coñecida de Galicia.
22. Porei os grelos a ferver polas doce.
23. Virán todos os compañeiros á festa.
24. Alí poderá facer o que lle pete.
25. Entón valerán moito máis do que hoxe.
26. Non saberei o que facer contigo nun lugar descoñecido.
27. A Noite Vella veremos a televisión ata as catro da mañá.
28. Extraeredes algunhas conclusións do noso traballo.
29. Queremos todos o mesmo asento no autobús.
30. Haberá frautas para todos os gustos.
31. O resultado equivalerá á suma do gastado.
32. Penso que os deterán na alfándega.
33. Á tarde oiremos os resultados pola radio.
34. Iremos a Cuba este Nadal.
35. Farei todo o que ti esqueciches.
36. Estarante agardando na porta de Balaídos.
37. Darame unha boa nota neste exame.
38. Ao vérennos fuxirán a toda a présa.
39. Mentirá un pouco, segundo o seu costume.
40. Non caberemos todos en Pasarón.
41. Saberán polo xornal todo o que aconteceu co Deportivo.
42. Non che quererá ninguén ese produto.

**12.- Cambia as frases para a persoa indicada:**

1. Non damos rematado a tarefa a tempo. (el ..........)
2. Facemos demasiadas cousas a un tempo. (ti ..........)
3. Non cabemos dentro dos seus esquemas organizativos. (eu .......... )
4. Sempre facedes as mesmas falcatruadas. (el.......... )
5. Estamos cansos de te aturar, meu vello! (eu...........)
6. Dicimos sempre o que pensamos. (el.......... )
7. Non somos quen de resistirmos os seus ataques. (ti ..........)
8. Non sabes qué facer con tantos cartos. (eu ..........)
9. Sodes do máis esperto. (eu ..........)
10. Non valen para afrontaren estas responsabilidades. (eu. .........)
11. Valedes máis do que pensades. (el.......... )
12. Traemos os repostos para a máquina. (eu .......... )
13. Con estes anteollos vemos de marabilla. (eu .......... )
14. Traedes todo o pedido? (ti ..........)
15. Imos ver como anda o tempo. (el...........)
16. Viñemos con este novo grupo pop. (eu. .........)
17. Vimos un espectáculo de maxia singular. (eu...........)
18. Destes moito que falar aquel verán. (eu. ......... )
19. Demos en chorar como nunca se vira. (el ..........)
20. Viñeron con moita présa. (el ..........)

**13.- Cambia o imperfecto de indicativo por pretérito perfecto.**

1. Eu non podía con aquel saco de cemento.
2. Cando ela quería, puña unha cara de defunto estarrecedora.
3. Daquela nunca diciades unha verdade.
4. Segundo ti, eu era o que mellores notas levaba.
5. Como non lle cabía todo na botella, bebeu o sobrante.
6. Como non podiades conseguilo, non vos interesaba.
7. Como iamos de vagar, non nos molestaba a xeada.
8. Cando a situación se recompuña, houbo unha nova crise mundial.
9. Cando me contradicían, saltábanme os nervios.
10. Non sabía eu o que pasaría de alí en diante.
11. Ías ao traballo cando te avisei da folga.
12. Mentres traïamos os tixolos, eles ían facendo a masa.
13. Viña eu tan despistado, que batín de fociños cun semáforo.
14. En 1963 Alba tiña unha casiña na Lanzada.
15. Como non conviñamos nada, disolveuse a xuntanza.

**14.- Cambia os futuros por presente de indicativo.**

1. Logo virei polos resultados.
2. Non caberá todo dentro da caixa.
3. Xa dará o Paio o sinal acordado.
4. Dirano todo, sen ocultaren nada.
5. Farás unha ponte para acurtar o camiño.
6. Estes farán sempre as cousas ao revés.
7. Non terei máis remedio que esquecelo.
8. Saberán moito, mais non o demostran.
9. Irei en avión que é moito máis rápido.
10. Proporemos que renuncie a directiva actual.

**15.- Cambia para pasado as seguintes frases (pon atención na concordancia).**

1. Di que estivo onte contigo.
2. Afirman que se portou mal.
3. Cando o vexo, preséntolle os meus saúdos.
4. Teño medo de que non apareza por aquí.
5. Pensa que sacou uns bos rendementos.
6. É tan iluso que cre que pintou un excelente cadro.
7. Esta mañá non parece que o queira coma sempre.
8. Achégase a el para avisar que o taxi chegou.
9. Comunican que fuches premiada.
10. Coñezo poucos escritores que escriban tan ben coma ela.
11. Asegura que te viu onte no río.
12. Non che creo nada do que dis.
13. Nunca penso que sexas ti.
14. Aínda que ande rápido, non chegará a tempo.
15. Exhorta os soldados para que continúen a loita.
16. Non espera a que chegues.
17. Di que te levou onte no coche.
18. Vén para dicir que xa comezou o filme.
19. Coida que aprobou o exame de conducir.
20. Pídoche por favor que veñas aquí.
21. Como se alegra de que lle veñan os pais de Venezuela

**16.- Pon o verbo que vai entre parénteses en** presente **de indicativo.**

1. O que nós (DICIR) ...........vai á misa.
2. (ESTAR)........... agardando a que me poñas a inxección e comezo a cansarme.
3. Xa que non (FACER) ...........falta aquí, voume.
4. Cando ti me (VIR) ...........ver, algo raro acontece.
5. Como (VER).......... , xa cho teño todo en orde.
6. (IR) ...........todo recto e despois colledes á esquerda.
7. Eu (PÓR)........... do bolso a metade do orzamento da sociedade.
8. Cando el (PÓR)........... cara de ferreiro, hai que liscar.
9. Se ti (PÓR)........... outro tanto, acepto.
10. Iso non (SER)........... conveniente para vostede.
11. (TER)........... que decidirte dunha vez.
12. Martiño (TER)........... un xenio condenado.
13. Nós (TER) ...........os mellores exemplares porcinos da zona.
14. Sempre (SER)........... os mesmos os que trepades a herba do xardín.
15. Eles (TER).......... moito que contar das súas viaxes.
16. Pero non (VER)........... que vos estades a pasar co rapaz?
17. Os pais sempre (VER) ...........as cousas desde outra perspectiva.
18. Cando (VIR) ...........o teu curmán que está en Irlanda?
19. Vós (VIR)........... algo cedo de máis.
24. Non (FACER) ...........falta que te poñas tan serio.

**17.- Pon o verbo que vai entre parénteses en imperfecto de indicativo.**

1. Aquel día (VIR)........... algo bébedo o rapaz.
2. Vós ben (VER) ...........que vos sería imposible.
3. Grazas que (TRAER)........... connosco un fachón!
4. Entón vós (SER) ...........uns picariños.
5. Aquela tarde ela (PÓR)........... unhas cintas moi lindas.
6. Encontreino cando (IR) ...........camiño do instituto.
7. Ti sempre (COMPOR)............os desarranxos sen cobrares un can.
8. (IR) ...........tan contentos que caestes na trampa.
9. E despois (VIR) ...........queixándose de que non os tratades ben.
10. Cando (DETERSE) ...........ante un monumento non había quen o movese.

**18.- Pon o verbo que vai entre paréntese en pluscuamperfecto de indicativo.**

1. (HABER) ...........aquela catástrofe ecolóxica antes de vivirmos na Coruña.
2. Xa (ESTAR)............na casa antes de reformala.
3. (FACELO) ...........tan ben que non me decatei.
4. Xa o (SABER) ...........el antes de que eu llo lese en *Tempos Novos*.
5. Daquela vez (DETERME) ........... para evitaren riscos.
6. Díxome que o (QUERER) ........... rachar onte.
7. Parecíalle que cando (VIR) ........... a outra vez estaba máis rexo.
8. Nunca (IR) ........... á Arxentina, mais co aquel do centenario do Centro Galego cumpriu o soño.
9. Antes daquela xa (TER)........... outras doenzas similares.
10. Rexeitou o cargo porque xa (SER) ........... presidente outra vez.

**19.- Pon o verbo que vai entre paréntese en pluscuamperfecto de indicativo ou imperfecto de subxuntivo, segundo corresponda.**

1. Se o (SABER) ...........antes, xa non viriamos.
2. Non chegaba aínda que se (PÓR)........... de pé.
3. Dixo que (IR) ........... xa alí varias veces.
4. Contáronme que (DICIR) ...........cousas moi interesantes.
5. Cando os colleron xa se (INTRODUCIR) ...........na fraga.
6. Por moitos cartos que (TER)............non o poderían pagar.
7. Antes de chegaren xa os outros (DESAPARECER)...........
8. Gustaríame que me (TOCAR) ...........a lotería.
9. Aínda non (VIR) ...........cando nos puxemos a comer.
10. Díxome que (FACER) ...........varios recados.
11. É fácil que xa (EXISTIR) ...........eses inventos en 1930.
12. Se mo (DAR).......... a min non se perdería.
13. Quen (PODER) ...........convosco voar!
14. Xa lle (DAR) ...........o premio Blanco Amor no ano 1983.
15. Eles evitaban que se (FALAR)........... do asunto.
16. Dubidaba de que lle (TRAER)............alguén un presente.
17. Nunca (ESTAR) ...........tan canso como aquel día.
18. Marchou antes de que (COMEZAR)........... a conferencia.
19. Pensaba que o discurso lle (SAÍR)...........algo frouxo.
20. Negaban que a culpa (SER) ........... do Uxío.
21. Negábanse a que o xuízo (SER) ..........a porta pechada.
22. Gastou todo o que (COBRAR).......... o día anterior.
23. Aínda non se (FACER) ...........da sociedade, e xa o querían botar.
24. Oxalá se (PÓR)........... bo tempo!
25. Xa lle (TELEFONAR) ...........cando recibín a carta.

**20.- Enche os ocos usando os verbos facer, oír, dicir, querer.**

1. “Que saia, quen ...........”,.............o profesor.
2. ........... bo ou mao tempo, ............ese traballo.
3. Falabas baixiño, mais ...........che todo o que ...........
4. Brais ........... as túas palabras con respecto, como ............ sempre que ti falas.
5. ........... acender o coche e non puideron,.............falta procurar un mecánico.
6. A onde vaias, ........... o que vexas facer e............ o que oias dicir.
7. Sempre te ........... como hoxe, meu amor; ........... o que ti mandes, mesmo............ só os CD que a ti che gusten.
8. Non sei se ........... ben, mais ti............ a verdade.
9. Os que ........... que marchen, que xa............ mañá os exercicios.
10. A Alba ........... que si, ti ........... que non e eu xa non lembro o que ...........
11. Vós ........... gañar antes e............ todo o posible para iso.
12. Moisés e Paulo ........... a comida na casa e ............que cociñan moi ben.
13. Escoita ben, e cóntasme todo o que lles ..........., ti ............como se non lles emprestases atención.
14. Aínda que el non..........., ía ser o mesmo.
15. Vós ........... unhas cousas e logo............ outras.

**21.- Enche os ocos usando os verbos vir, ver , ter, ser.**

1. Bótame unha man,non ........... que............ moi cargado.
2. Ti non ........... moi rápido, ............que practicar máis.
3. Iso ........... difícil de conseguir, hai que o............ moi en conta.
4. Onte ........... a carreira de coches, que para iso............ a esta cidade.
5. Dille que ........... por aquí aínda que............ tarde.
6. Cando o ........... dille que ............moito coidado, porque está todo acabado de pintar.
7. Daquela ........... todos os días á miña casa e contábame uns contos que.............moita graza.
8. Aínda que o ........... diante, non o recoñecería, a non ser que.............contigo.
9. Se non o ........... con estes ollos, non o crería, por moi certo que ...........
10. Cando cheguei, xa el ........... aquí dúas veces e antes ............que pasar pola túa casa.
11. Xa ........... cando poida, hoxe ............moito que facer.
12. Onte non ........... sorte, outra vez ...........
13. Esta mañá ........... escoitar a banda todos nós e tamén.............a sesión de foguetes.
14. ........... aquí, rapaces!.............valentes!
15. Encina e mais Carme ........... á praza mercar verduras e ............a Helena.

**ADVERBIO**

**1.- Indica a que clases de palabras pertencen as subliñadas:**

Agora voume situar decote diante do Miguel e a carón do Daniel.

Antonte contaba algo o avó: antano nos fiadeiros sempre había un pillabán que mataba algo a luz do candil para andar ás apalpadelas.

Como as queres? –Quéroas moi crúas.

Corriches tanto alí? –Corrín, abofé que me lembro ben! Corrín tantos kilómetros!

En vez de levalo, déixao dentro do armario.

Leva media vida aquí traballando e agora volveuse medio/media tola.

Non teño gato e tampouco uso raticidas. Aquí nesta casa, os ratos píllanse ás carreiras, logo fáiselles un xuízo xusto e cúmprese a sentencia.

Non viñeron á discoteca por mor do exame do instituto.

Para onde vas? –Vou para ningures, sabichón!

Púxoo encima da mesa, colleuno con noxo e logo tiroullo encima.

Seica estabas onte perante dun xuíz, malia a túa declaración anterior.

Seica te divertiches moito onte, case era día, levabas moito tempo e aínda non querías ir para a cama.

Sempre estás debaixo, daquela non poñas cara de ferreiro por quedares debaixo de min.

Sen dúbida caerá auga abonda hoxe e, ao mellor, nin poderemos ir ao traballo, que queda lonxe dabondo.

Senta aquí, cabo de min ao pé do lume, temos que conversar de vez.

Todos están enfadados, e así marcharon, todos enfadados.

Traballou moito á beira do río e pagáronllo deixándoo alí, á beira.

U-las cereixas? Están aí fóra, son poucas. Non as deixei dentro porque teño que marchar un pouco cedo.

Vai de vagar, que Melide está bastante preto e, se corres demasiado, quizais chegues con demasiado tempo.

**2.- Subliña os adverbios e as locucións adverbiais. Busca sinónimos de cada un.**

1. Sen dúbida caerá auga a mares e, ao mellor, nin poderemos ir ao traballo.
2. De camiño que limpas os cadros, podes endereitalos, que torcen abondo.
3. Esa lámpada manda ben pouca luz; ás veces, á tardiña xa parece que é noite pecha.
4. Seica te divertiches moito onte, case era día e aínda non querías ir para a cama.
5. Agora vive lonxe e nunca chega cedo á oficina, mais despois, co de présa que se move, recupera o perdido.
6. Como as queres? –Quéroas moi crúas.
7. Vai de vagar, que Melide está preto e, se corres demasiado, quizais non chegues nunca.
8. Antonte contaba o avó como antano nos fiadeiros sempre había un pillabán que mataba a luz do candil para andar ás apalpadelas.
9. Tamén mo dixo a min de contado. Era entre lusco e fusco e eu estaba alí na solaina sentado á sombra.
10. Non teño gato e tampouco uso raticidas. Aquí nesta casa, os ratos píllanse ás carreiras, logo fáiselles un xuízo xusto e cúmprese a sentencia.
11. Fuches antes alí? –Fun, abofé que me lembro ben!
12. Saíndo á esquerda, á beira da parede é onde deixan decote o lixo.
13. O profesor puxo ceros a eito, fíxoo de mantenta e a tergo porque a avaliación xa está aí.
14. U-las cereixas? Están aí fóra, non as deixei dentro porque ía moita calor; xa que acabaches, adiante, vailles tirando o rabo que eu estou canso e teño que marchar axiña.
15. Para onde vas? –Vou para ningures, sabichón!

**3.- Substitúe as palabras en cursiva por adverbios acabados en –mente.**

1. Desenvolvíao *con rapidez.*
2. Ídevos colocando *con orde* e *en silencio*.
3. Non escribas tan *de présa* que cometes moitos erros.
4. *Por fin*, chegaches a conseguir algo.
5. Móvete *con coidado*, que, *segundo a lei*, poden procesarte.
6. Fixo a instalación eléctrica *sen coidado* e agora sofre as consecuencias.
7. Relatou *con fidelidade* o sucedido, mais só *na aparencia*, se investigamos ben o sucedido.
8. Andou amañando *en segredo* o casamento da sobriña co rico do lugar.
9. Nesa casa nunca o trataron *con desdén*.
10. Os soldados irmandiños atacaron *con valentía* a fortaleza e conseguiron render *con prontitude* os inimigos.
11. Este traballo hai que realizalo *con moito rigor*.
12. *En resume*, cómpre abrir aquí a conta corrente para obter un empréstito.

**4.- Substitúe as palabras subliñadas por un adverbio.** Por exemplo, *mete iso no interior: mete iso dentro.*

1. Neste momento xa estou preparado para o exame.
2. É fácil que se cure de todo.
3. Se o fas desta maneira, entenderalo mellor.
4. Píntao da forma que queiras.
5. Bebeu en abundancia e non pode conducir.
6. *En todo momento* está listo para ir a onde o chamen.
7. Déixao *naquel lugar*.
8. Non sabes o que me gusta erguerme *a primeira hora*.
9. Colócamo *nesta cadeira*.
10. Non sei se irei, o Cebreiro está *a bastante distancia*.
11. Vou en bicicleta, que Marín está *a pouca distancia*.
12. Creo que o deixei *sobre a* mesa.
13. Vai andando *sen apurarte* para faceres tempo.
14. *Naquel tempo*, os xornais na vendima eran moi baixos.

**PREPOSICIÓNS.**

**1.- Sinala as preposicións e locucións preposicionais.**

1. Non viñeron á discoteca por mor do exame do instituto.
2. Co gallo do Día das Letras Galegas fanse cousas que se deberían facer todo o ano.
3. Senta aquí, cabo de min ao pé do lume, temos que conversar con tempo.
4. Púxoo sobre o banco, logo colleuno con noxo e tirouno pola xanela.
5. Pono a rentes do chan para que non lles estorbe aos nenos.
6. Traballou moito a prol da xustiza e pagáronllo coa indiferenza e o esquecemento.
7. Agora voume situar decote diante do Miguel e a carón do Daniel.
8. En vez de levalo, déixao dentro do armario.
9. Desde onte anda fóra de si cun xenio de mil demos.
10. Non poñas cara de ferreiro por quedares debaixo de min, xa sabes que xogo con vantaxe pola experiencia.

**2.- Completa as frases usando as preposicións ata, deica, cara, contra** (indica o seu valor en cada caso).

1. Habería............cincuenta mil cabezas de gando.
2. Agora a volta ciclista vai............Lugo pola N-VI.
3. Entón poñían os nenos de xeonllos............ a parede.
4. Mañá xogan ............os de Peroxa.
5. O Sol sairá............a seis.
6. Cariño está............ Ortigueira.
7. Marcho, que é tarde; ............ mañá.
8. Estivemos a sachar na viña ............ as nove e cuarto.
9. Faltan unhas cinco horas............ a chegada do avión.
10. Hai............ trinta deputados dispostos a votaren afirmativamente.
11. Pois querían pór unha central nuclear alá ............ Xove.
12. Hai uns douscentos quilómetros............ a casa máis próxima.
13. Sempre andaban en guerras ............os franceses.
14. Foi andando ............o peirao e non cansou.
15. Ao fin todos eses problemas van............ unha solución.

**3.- Completa as frases usando as preposicións ante/perante (indica o seu valor en cada caso).**

1. Iso dismo fóra e............ testemuñas.
2. Deixeicho ............a porta para que non o vexan.
3. Esconde os zapatos............ a porta.
4. Os alemáns déronlle unha propina............ o porteiro.
5. O partido do Teucro comeza............as cinco e media.
6. Pono............ o sol para que seque.

**4.- Completa as frase coas preposicións adecuadas.**

1. Non estou contenta ........... o coche, estou disposta ........... cambialo ............outro, se o podo mercar ............mesmos cartos.
2. O vaqueiro sacou ........... pistola e preparouse ............o asalto.
3. Entón non se preocupaba ........... nada, só tiña interese ............pasalo ben.
4. Sorprendeuse ........... a miña xogada e púxose ........... mirar ........... o compañeiro .................... cara seria.
5. Fixo un estudo ........... o subsolo ........... a bisbarra e viu que era pobre............ ferro e carbón.
6. Manqueime ........... unha perna e non teño ganas ............traballar nin creo que fose beneficioso ........... a ferida.
7. Xa están fartos ........... loitar .................... o racismo, mais teñen......................continuar aínda moito tempo.
8. Os que falaron mal ........... el, que se ateñan ........... as consecuencias e se deixen............ andar ........... a orella agachada.
9. Hai un señor que pregunta ........... Pedro, quere falar ........... el.............participaren xuntos ........... un negocio.
10. Está ansioso ........... esquecerse ........... o asunto e acabar dunha vez ............os remorsos que lle produce.
11. Anda ........... apañar ........... os tomates, que é............ o que vive, mais logo virá xa que ten que coidar ........... a tía que está.............a cama hai dous anos.
12. Gústalle tanto o baile que soña ........... ser un cantante famoso e saír.............a televisión.
13. Lembreime ........... ti porque seica tes influencia ........... o consello ............administración.
14. Olla o neno, está agarrado ........... a mesa roendo ............unha onza de chocolate e xa tirou ........... o pan ............o chan.
15. Deixa ........... bater............ a porta e tocar a campaíña que vas abouxar os veciños.

**CONXUNCIÓNS**

**1.- Utiliza nexos copulativos, disxuntivos, adversativos ou consecutivos.**

1. ........... marchas.............bótote eu.
2. Non estaba canso ............un pouco adormentado.
3. Teño que traballar hoxe ............non vou á praia.
4. Xa volve andar ese martelo dálle............ dálle.
5. Dásllo á nai.............ao fillo, ao que estea na casa.
6. Come o pan............ deixa o compango!
7. Non quixeron queixo ............manteiga.
8. Non me gustaba............ tiven que o comer.
9. Non foron en tren, ............foron en autocar.
10. Tes que rematar antes das seis e case as son, ............xa podes comezar a traballar.

**2.- Utiliza nexos completivos ou condicionais.**

1. pos ese pixama vas ter calor.
2. Iría convosco........... me deixasen.
3. chegue tarde, non o deixo pasar.
4. Preguntoume............ quería ir con el de acampada.
5. non vires ti, mándamo por correo.
6. Seica coidas ........... eu non me decato,............ son parvo.
7. Díxome ........... me regalaba o can............ o trataba ben.
8. o deixes fóra decote, vaiche coller ferruxe.
9. me tivese avisado, non pasaría o que pasou.
10. Propuxo ........... se levantase a sesión ............non chegarmos a un acordo.

**3.- Utiliza nexos causais ou concesivos.**

1. Leva o paraugas ...........vai chover.
2. llo contase, non mo creria.
3. llo expliquei, non mo entendeu.
4. se achaba só, casou coa compañeira de traballo.
5. Con xanelas dobres, ........... haxa ruído, estase tranquilo.
6. Igual non podemos pasar,............andan coas obras do gas e do cabo.
7. escribas ben a máquina, non vas conseguir ese traballo.
8. Abre a porta, ...........está aí o repartidor do gas.
9. Exiliouse........... non podía aturar a ditadura do seu país.
10. ........... berre non lle fagas caso,........... é só por chamar a atención.

**4.- Utiliza nexos comparativos ou consecutivos.**

1. Cala, que sempre foi máis esperto ...........ti.
2. O Parlamento Galego aprobou menos leis........... tiña previsto o Goberno da Xunta.
3. Tes que colocalo ........... non se vexa desde fóra.
4. Estudou ........... acabou medio tolo.
5. Hai que dispor as tomadas eléctricas ........... o aspirador poida andar por toda a casa.
6. Se cadra chegas a ter tantos libros ........... min, e unha discoteca ........... a miña.
7. Púxose ...........unha fera ao sabelo.
8. Corría ...........non había xeito de dalo seguido.
9. A ver quen fai o testamento ........... todos os herdeiros queden contentos.
10. Este ano adiantou moito máis........... pensaba.

**5.- Utiliza nexos finais ou temporais.**

1. non chegan os convidados, vai abrindo as botellas.
2. lle morreu a sogra, anda feito unha Magdalena.
3. falares, pensa ben o que vas dicir.
4. o monte se queima, algo seu se queima.
5. Manteña limpa a praia............todos poidamos aproveitarnos dela.
6. Faremos unha auditoría........... coñecermos os males da empresa e aplicarmos as solucións necesarias........... sexa posible.
7. vir a xunto de min, vai lavar a cara, galopín.
8. ........... te fuches, nin como nin durmo, volve............me converta nun cadáver.
9. ........... mo dixo, pensei que era........... darme unha alegría, agora vexo que non.
10. Vai alá, ...........te vexan as túas tías.

Actividades tiradas de González Guerra, Ogando Valcárcel.